

XXI Mostra de Viños de Pantón

A última feira da **Ribeira Sacra**

ROMÁNICO. A MOSTRA DE VIÑOS DE PANTÓN CONXUGA AS DEGUSTACIÓNS DOS CALDOS CUNHA AMPLA RIQUEZA PATRIMONIAL E ACTUACIÓNS MUSICAIS POR: J.D.E. FOTOS: AEP

A XXI Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Pantón ábrese hoxe ao público e prolongarase ata mañá, achegando unha oportunidade única aos visitantes para coñecer algúns dos máis destacados caldos da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, nun escenario único polas súas paisaxes e patrimonio do románico.

A feira do viño de Pantón «mellora ano tras ano», segundo indica o alcalde popular José Luis Álvarez, quen destaca que nesta ocasión asistirán «máis adegas que ningún ano». O rexedor destaca ademais que «ao ser a última feira das que se fan na Ribeira Sacra o viño está máis feito», pois se ben «é un viño como os demais, somos o único concello que temos as tres ribeiras, as dos ríos Miño, Sil e Cabe».

Álvarez sinala, así mesmo, que ao coincidir a feira a finais de maio atrae a moita xente, «principalmente de Pantón, que está en Vigo e A Coruña, e que xa teñen esta data como unha festa propia», así como a milleiros de persoas chegadas dende distintos puntos da xeografía provincial e incluso estatal.

Juan Vázquez, propietario da adega Casa Moreiras, unha das que participa nesta edición da mostra, lembra que «atrás en el recuerdo quedan aquelas casetas, a lo menos cuatro o cinco, que con gran esmero y preocupación de aquella pequeña industria vitivinícola incipiente se abría paso en Pantón».

Aqueles viños «algo toscos» dos que fala Vázquez deron paso aos actuais caldos, elaborados con técnicas de criomaceración prefermentativa e microoxigenación. Xunto ás novas técnicas comezaron a introducirse mesas de selección e unha longa listaxe de termos hoxe usuais que falan do gran traballo e o progreso experimentado polos viños de Pantón —hoxe presentes en diversos mercados internacionais—, e mesmo polas vides ben traballadas e que debuxan as ribeiras do Miño, dende Millara, Espasantes e Síos. Un espectáculo para os amantes dos viños, da paisaxe e dun patrimonio artístico e cultural que co románico como eixo e desde Atán ao mosteiro de San Salvador aporta o complemento ideal á cultura vitivinícola desta zona do sur da provincia lucense.

D.O. RIBEIRA SACRA. O presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra José Manuel Rodríguez será hoxe o encargado de inaugurar



Unha edición anterior da Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Pantón

unha mostra que mañá pregoará Ixi, o actor e humorista da TVG.

Rodríguez sinala que a mostra dos viños de Pantón enmárcase no grupo de feiras que hai en toda a D.O. Ribeira Sacra —Chantada, Amandi, Quiroga, a cata dos viños de Vilachá, Belesar—, que son «os

eventos que se celebran nestes territorios para promocionar os viños entre a xente e facer unha festa de degustación, neste caso en Pantón», sinala.

O Consello Regulador, alá donde están as súas bodegas, o seu viño, e os viticultores «sempre está pre-

sent», engade Rodríguez, porque ao fin e ao cabo é o organismo que aglutina a todo o sector vitivinícola da Ribeira Sacra e, «aínda que a nivel de organización das feiras non participamos, nestes eventos si o facemos a través dos nosos membros, as bodegas participantes».

PROGRAMA

SÁBADO 31

10.00 ▶ Inicio da décimo cuarta edición da xa tradicional Carreira popular Rota do Románico.

13.00 ▶ Apertura ao público dos postos de venda de polbo e, ao tempo, comezo da actuación polas rúas do Castro de Ferreira da Charanga Castro Vello.

20.30 ▶ Inauguración da XXI Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Pantón a cargo do presidente do Consello Regulador da Ribeira Sacra José Manuel Rodríguez González.

23.00 ▶ Actuacións da orquestra Metrópolis e de Manuel Somoza, humorista do programa Luar da TVG.

DOMINGO 1

11.00 ▶ Pasarrúas a cargo da Banda de Gaitas o Castro e, paralelamente, recepción de autoridades no edificio do Concello de Pantón.

Misa no edificio sociocultural. Actuación da Charanga Madialeva.

13.00 ▶ Pregón cargo de Ixi, actor e humorista da TVG.

18.00 ▶ Concerto da Banda de Gaitas o Castro.

20.00 ▶ Verbena de peche das festas. Estrá amenizada pola orquestra París de Noia, e prevese unha grande afluencia de público.

Ademais do viño e o patrimonio histórico artístico a feira do viño tamén conta entre os seus atractivos coas destacadas actuacións musicais que amenizarán esta nova edición do evento. Ademais das agrupacións locais o peche da festa correrá a cargo da París de Noia.

CARLOS Fdez. COYA
ARPINTEROS - EBANISTAS

Ctra. San Esteban, 3
27430 FERREIRA DE PANTÓN (Lugo)
Tlf/Fax 982456 130 - Móvil 627 510 931
fernandezcoyacarpinteros@hotmail.com
www.coyacarpinteros.com

DD
Diamonde da Costa
CLÍNICA DENTAL
Dr. Juan Manuel Fernández

odontología general	implantes dentales	periodoncia
estética dental	cirugía general	ortodoncia

CONSULTA PREVIA CITA. HORARIO DE 16.00 A 20.00
Avda. Manuel María, 20 27430 Ferreira de Pantón -Lugo T. 982 456 327

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

UN MUNDO NUEVO, PROYECTO COMÚN

Hazte socio - Colabora
902 400 707
www.manosunidas.org

MESÓN OS CASTROS **XORNADAS GASTRONÓMICAS 2014**

Venres noite, sábado comidas e ceas e domingo mediodía
Decembro: Porco celta e matanzas

Pasado o San Martiño, toca matar o porquiño. Desta vez celta. A tradición de sempre Lacón, ósos, e frebas "Da Casa"

MENÚ ESPECIAL FEIRA DO VIÑO

Campo da Feira, s/n - Ferreira- 982 45 66 79

Os viños de **Pantón** medran ao amparo da **D.O. Ribeira Sacra**

**ADEGAS. OS PRODUTORES QUE PARTICIPAN NA MOSTRA
FAN FRONTE Á CRISE COA CALIDADE DOS CALDOS** POR J.D.E. FOTO: AEP

OS VIÑOS da Denominación de Orixe Ribeira Sacra afronta a crise co aval dunha marca de calidade que segundo indica o presidente de D.O. José Manuel Rodríguez «nos primeiros catro meses deste ano volveu a crecer en vendas». Nos últimos tres anos mantívose a estabilidade do sector, o prezo das uvas e as cifras de comercialización.

Jesús Vázquez, propietario da adega Pena das Donas, unha das que participan na mostra que hoxe comeza en Pantón, corrobora os bos resultados que obtiveron os viños da D.O. Ribeira Sacra nos primeiros meses deste ano. Este adegueiro asiste á feira desde o ano 2005 e hoxe achegará arredor de 200 botellas de viño que se reporán «según haga falta», indica. Elabora tres variedades de viño: blanco, godello e mencía, e a maiores teno de barrica, se ben este non adoita ser dos máis demandados na feira.

No tocante á crise afirma que «notamos mucha recuperación y para nosotros este es el mejor año desde que tenemos la bodega».

Outra das adegas que participa nesta nova edición da mostra é Sañas, cuxo propietario Javier Fernández indicou que ten previsto achegar «arredor de mil botellas» de dous tipos de viños. Asegura que a crise nótase porque «quen antes consumía 500 caixas agora consume 100», aínda que a calidade dos viños está acreditada e o público mantense fiel ao produto.

«O viño é algo que está aí, pero que se fai para que o goce ese consumidor final, que é o que garante ao compralo que se vai a seguir mantendo a estrutura», explica José Manuel Rodríguez, quen destaca que os viños de Pantón, como os de toda a D.O. «cada día son máis coñecidos e recoñecidos», non só en Galicia, senón tamén fóra da comunidade galega e das fronteiras españolas.


Rodríguez indica que «no medio da estabilidade» que proporciona a D.O. Ribeira Sacra aos viños que ampara «hai a quen lle vai algo mellor e a quen non lle vai tan ben», aínda que incide que, no global, «o importante son os números xerais,

que son de estabilidade no sector. E eso é, digamos, a noticia relevante», asegura.

VENDAS. A boa marcha dos viños da D.O. Ribeira Sacra, e dos de Pantón en particular, achega certo optimismo porque o repunte das vendas garante a rendibilidade da estrutura produtiva.

Hoxe xa hai máis de 30 adegas e marcas da Ribeira Sacra que exportan os seus produtos fóra de Galicia, e o Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra continúa a traballar no labor de «promocionar e dar a coñecer o noso produto», un dos principais obxectivos da mostra que Pantón acolle ata mañá, segundo indica Rodríguez.

A maioría dos propietarios das adegas que estarán presentes na Feira do Viño de Pantón coinciden ao sinalar —ao igual que Rodríguez— que pode ser «tan interesante» o mercado máis cercano como o que se atopa a miles de kilómetros de distancia. «A cuestión é vender, a un prezo que sexa razoable e sobre todo rendible».



Unha viña en Pantón.



XXI MOSTRA DE VIÑOS
da
Ribeira Sacra
de
Pantón

31 Maio e 1 de Xuño
2014

CONCELLO

SÁBADO DÍA 31 DE MAIO

10:00 h.

XIV CARREIRA POPULAR DA ROTA DO ROMÁNICO

13:00 h.

Apertura dos postos do polbo

20:30 h.

Inauguración da XXI MOSTRA DE VIÑOS DA RIBEIRA SACRA DE PANTÓN, a cargo de D. José Manuel Rodríguez González. Presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra.

23:00 h.

Verbena Popular e actuación da orquestra "Metrópolis" e Manuel Somoza, humorista do programa Luar da TVG.

Durante todo o día, a charanga Castro Vello percorrerá as rúas do Castro de Ferreira



O recoñecemento dos viños de Pantón e da denominación en xeral «afortunadamente xa non é só nacional», senón que dende hai uns anos a súa sona e comercialización acadou repercusión internacional «e iso fai posible que máis dunha marca teña presenza tanto nestas exposicións locais como nas que se fan fóra das nosas fronteiras», di.

Un dos segredos consiste en conxugar tradición e modernidade. Manter a viticultura supón «estar en punta de lanza, adaptados ás normas e á última no relativo a controis e certificacións», engade o presidente da denominación. «O que non podemos é afrouxar nunca o pedal do acelerador e dicir que xa chegamos á meta», indica. Trátase de traballar continuamente, a cotío, para manterse no lugar ao que tanto esforzo custou chegar. E lograr que «día a día sexa máis coñecido o noso produto».

VIÑOS DE MONTAÑA. A produción de viño na Zona Sur da provincia conxuga pasado, presente e futuro en base sempre á viticultura e á comercialización, tendo moi presente «o que se fixo, a historia, e o arte», segundo asegura o presidente da denominación.

«O viño desde sempre se fixo na viña, e máis nun territorio como o noso ligado a unha estrutura produtiva que está nunha asociación europea de viños de montaña», sinala Rodríguez.

O laboreo é persoal, donde a maior parte do traballo require man de obra. «Hai que meter dentro da botella, nesa imaxe que vendemos da botella, ese laboreo, esa maneira de facer as cousas», indica José Manuel Rodríguez.

Unha vez conseguido este primeiro paso, que é fundamental, é cando se adapta ao proceso produtivo a tecnoloxía existente.

«O que hai que traballar é con rigor, coas ferramentas que temos hoxe en día. Pero trasladarlle ao consumidor o que hai no viño da nosa terra: a paisaxe, a maneira de facer as cousas, o románico que temos...», explica Rodríguez. Eso é o que se traslada ao público na promoción do viño «de cara a rendibilizar o máximo posible o noso produto, e sempre coa calidade como principal garante».

As súas afirmacións corrobóraas Jesús Vázquez, da adega Amieira, situada na estación de Santo Estevo do Sil (Frontón) e cunha superficie de viñedos de 1,6 hectáreas que «representan unha aposta familiar pola elaboración dun viño de gran calidade coas castes de mencia, merenzao e sousón, baseado nunha viticultura rigorosa e respectuosa co medio». E a adega de altitude máis baixa da Ribeira Sacra.

Esta que se prolongará ata mañá é a última mostra de viños que hai na Ribeira Sacra, a última do circuito de feiras. Pantón é un sitio especial e espectacular, ao que é moi doado chegar pola súa ubicación ao carón da N-120, nun dos espazos con maior concentración de patrimonio románico que se pode atopar non só en Galicia senón en Europa. Por tanto os visitantes non atoparán só unha mostra de viños senón outras moitas e múltiples posibilidades: de paisaxe, de degustación gastronómica e de goce dos sentidos a través dunha ampla selección de «viños xeniais», según indican tanto os adegoiros como o alcalde e o presidente da D.O.

Adegas

Participantes

► La XXI Mostra de viños da Ribeira Sacra de Pantón contará este ano cunha notoria representación de adegas que amosarán o máis selecto da súa produción aos visitantes.

Novedades

► As bodegas que se incorporan á mostra este ano son de recente creación, e son: Finca Millara e Ciudad 6.

Habituais

► Ademais estarán Pena das Donas, Adega Capilla, Casa Moreiras, Prior de Pantón, Losada Fernández, Terras Mouras, Saiñas, e Nogueiras.

Histórica

► Casa Moreiras é unha das adegas máis antigas de Galicia. Foi fundada en 1692 por Pedro R. Moreiras de Buján e remodelada por Manuel Vázquez Rodríguez a finais do século XX. Elabora os seus viños con uvas das súas propias vides situadas en Pantón, Ribera do Miño e Amandi.

D.O. Ribeira Sacra

► A D.O. Ribeira Sacra no ano 2013 tiña 90 adegas repartidas entre as provincias de Lugo e Ourense. O número de hectáreas cultivadas o pasado ano superou o 1,2 millóns e o número de viticultores era de 2.817.

DE PANTÓN

DOMINGO DÍA 1 DE XUÑO

A partir das 11 da mañá

Pasarás pola **BANDA DE GAITAS O CASTRO**
Recepción de Autoridades na Casa do Concello

Ás 12:00 h.

Celebración da Santa Misa no salón de actos do edificio sociocultural

A partir das 13:00 h. no campo da Feira:

Pregón da XXI MOSTRA DE VIÑOS DA RIBEIRA SACRA DE PANTÓN a cargo de ISI, actor e HUMORISTA DA TVG


Ás 18:00 h.

Concerto da **BANDA DE GAITAS DO CASTRO**

Ás 20:00 h.

Festa popular amenizada pola orquestra "PARIS DE NOIA"

Durante todo o día, a charanga a **MADIALEVA** percorrerá as rúas de Ferreira



XXVII Xornadas da
**ROTA DO
ROMÁNICO
DE
PANTÓN
2014**